

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2023/24	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	10 de agosto de 2023
Duración	Dende as 13:18 ata as 13:57 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuiña Fernández
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Mónica González Conde	SÍ
Paula María Fernández Pena	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 1281/2023. Prestacións Económicas de Servizos Sociais	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 4 de agosto, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha familia residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade social e precisa trasladarse ao Complexo Hospitalario de Santiago para a realización dunhas probas médicas.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de xuño de 2023, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago do servizo de traslado de Taboada a Santiago de Compostela en taxi (e regreso).

Segundo.- Aprobar o pago delegado a Don Santiago López Fernández (Eurotaxi Silleda 7 prazas) propietario da licenza do taxi que realizou o traslado, e que se corresponde coa factura número 21/23 por importe de 65,56 € con cargo á aplicación presupostaria correspondente.

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 440/2023. Planificación e Ordenación de Persoal. OFERTA EMPREGO PÚBLICO 2023

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Tendo en conta a taxa de reposición de efectivos, as necesidades de persoal existentes no Concello de Silleda e o resultado da mesa de negociación de data 16 de marzo de 2023, así como os informes de Secretaría e Intervención, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de xuño de 2023, **ACORDA:**

Aprobar a seguinte **OFERTA EMPREGO PÚBLICO 2023.**

QUENDA LIBRE:

	PERSOAL FUNCIONARIO		
Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN	ESCALA	GRUPO
1	ENXEÑEIRO/A	AE	A1
1	ARQUITECTO/A TÉCNICO	AE	A2
2*	TOTAL		

* Prazas incrementadas de conformidade co artigo 20.Tres.2 da Lei de Orzamentos para 2023
PROMOCIÓN INTERNA:

	PERSOAL FUNCIONARIO		
Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN	ESCALA	GRUPO
1	EDUCADOR/A SOCIAL	AE	A2
1	TOTAL		

Expediente 406/2023. Subvencións por Concorrenza Competitiva. AXUDAS A DEPORTISTAS INDIVIDUAIS FEDERADOS/AS PARA ANO 2023

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o acordo plenario de data 30 de marzo de 2023 polo que se aprobaron as Bases Reguladoras para a concesión de axudas a deportistas individuais federados/as para ano 2023

Visto que ditas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra número 70 de data 12 de abril de 2023

Transcorrido un prazo de 30 días dende a publicación de ditas bases

Visto o informe de Intervención número 56/2023

Visto o disposto no artigo 5 da Ordenanza Xeral de Subvención do Concello de Silleda a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na Resolución do 27 de xuño de 2023, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar a convocatoria de ditas subvencións así como o anexo que se acompaña a continuación e que deberán de cubrir as persoas solicitantes acompañando a documentación que se especifica nas bases

Segundo. Autorizar o gasto por importe de 3.000 euros do vixente orzamento municipal con cargo á aplicación orzamentaria 341.48

Terceiro. Rexistrar a información a incluír na BDNS polos medios electrónicos que esta proporcione, acompañada do texto da convocatoria, do seu extracto e dos seus datos estruturados. Tras rexistrar a información, a BDNS porá o extracto da convocatoria a disposición do Boletín Oficial de la Provincia para a súa publicación. Na publicación do extracto deberá constar o código de identificación que haxa asignado a BDNS á convocatoria.

O prazo para presentar as solicitudes será de 15 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, tal e como figura nas bases que se recollen a continuación.

Expediente 250/2023. Subvencións por Concorrenza Competitiva. CONVOCATORIA DE BECAS MUNICIPAIS PARA ESTUDANTES UNIVERSITARIOS E ESTUDANTES DE CICLOS

FORMATIVOS DURANTE O CURSO ESCOLAR 2023-2024

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 02/02/2023..

Vista a Providencia de inicio do procedemento con data 08/02/2023.

Vistas as bases polas que se regulan as becas municipais para estudantes universitarios e estudantes de ciclos formativos durante o curso escolar 2022-2023.

Visto o informe emitido pola Secretaría municipal con data 21/03/2023 en relación coa lexislación de aplicación e procedemento a seguir aos efectos de proceder á convocatoria e concesión das subvencións de referencia.

Vista a aprobación do Pleno, con data 30/03/2023..

Vista a publicación do anuncio no BOP número 70, con data 12 de abril de 2023.

Visto que o anuncio estivo exposto polo prazo previsto, non presentándose alegación algunha.

De acordo co establecido no artigo 20 da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia;

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de xuño de 2023, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións por procedimientto de concurrencia competitiva en materia de educación, co texto que figura no Anexo da presente proposta de acordo.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto por importe 17.500 € do orzamento municipal a cargo da aplicación orzamentaria 326-48 (ampliable a 20.000 euros no caso de que non se esgote a partida).

TERCEIRO.- Rexistrar a información a incluír an BDNS polos medios electrónicos que esta proporcione, acompañada do texto da convocatoria, do seu extracto e dos seus datos estruturados.

BASES POLAS QUE SE REGULA A CONVOCATORIA DE BECAS MUNICIPAIS PARA ESTUDANTES UNIVERSITARIOS E ESTUDANTES DE CICLOS FORMATIVOS DURANTE O CURSO ESCOLAR 2023-2024

O Concello de Silleda coñecedor da realidade actual de moitas familias do municipio e consciente da necesidade de garantir a igualdade de acceso ás ensinanzas universitarias, independentemente do lugar onde se resida e co ánimo de minorar o impacto que tales gastos supoñen na economía doméstica, establece as presentes bases que regulan a convocatoria de becas municipais para estudantes universitarios e de ciclos formativos que cursen estudos oficiais nalgún dos Campus

e/ou Institucións da nosa Comunidade Autónoma, fóra do noso municipio.

PRIMEIRA:- Obxecto.

O obxecto das presentes Bases é a concesión de axudas para reducir os gastos dos alumnos e alumnas empadroados/as, polo menos un ano antes da publicación destas bases, no Concello de Silleda que cursen estudos universitarios ou ciclos formativos oficiais na nosa Comunidade Autónoma, fóra do noso municipio.

SEGUNDA: - Natureza e réxime das axudas.

1.—Estas axudas teñen a natureza de subvención de acordo co recollido no artigo 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións

2.—Dado o obxecto e finalidade destas axudas o procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, para todo o mundo que cumpra as condicións, segundo orde de entrada e ata esgotar crédito.

3.—A presente convocatoria rexerese, con carácter xeral, polo disposto nas bases reguladoras, Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia(en adiante LSG) e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (en diante RLSG) e nas Bases de execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2020 e, supletoriamente, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

4.—A xestión destas subvencións suxeitarase aos principio de publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como a eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

TERCEIRA: Crédito orzamentario.

Para as subvencións incluídas na presente convocatoria, reservarase un crédito na aplicación orzamentaria 326-48 cunha contía máxima de 17.500 euros, este importe poderá verse incrementado ata un máximo de 20.000 euros no caso de que non se esgote a antedita partida dos vixentes orzamentos do Concello de Silleda.

CUARTA.- Importe da axuda.

O importe máximo da subvención por beneficiario será de 450€. Os importes calcularanse, para cada beneficiario, de xeito proporcional á renda calculada de acordo coa base quinta.

QUINTA.- Beneficiarios/as das axudas.

Serán beneficiarios/as aquelas persoas que cumpran os requisitos seguintes:

1.- Estudantes residentes e empadroados/as no municipio de Silleda, polo menos un ano antes da publicación destas bases.

2. Estar matriculado/a ou ter reserva de matrícula para o curso académico 2023-2024 nas seguintes ensinanzas nun centro da nosa Comunidade Autónoma, e fóra do municipio de Silleda (sempre e cando as ensinanzas que se cursen non se impartan en centros do noso municipio):

a. Ensinanzas universitarias (quedan excluídos os estudos de máster, posgrado e doutoramento)

b. Formación profesional (grao medio ou superior)

c. Ensinanzas artísticas superiores

d. Bacharelato

Non poderán optar a estas axudas aquelas persoas que estuden fóra da nosa Comunidade Autónoma, aínda sendo dentro dun programa de colaboración con algún centro educativo galego.

3. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e en particular, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias coa Facenda estatal (AEAT) e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TGSS). Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude até a data do pago da subvención, no seu caso.

Non ter débeda algunha pendente co Concello de Silleda. Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude até a data do pago da subvención, no seu caso.

4.- Renda Familiar

Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 euros. Para a determinación da renda per cápita familiar terase en conta o disposto no punto seguinte.

Cálculo da renda familiar. Obterase por agregación das rendas de cada un dos membros da unidade familiar que obtiveran ingresos de calquera natureza de conformidade coa normativa que regula o imposto sobre a renda das persoas físicas.

Membros computables da unidade familiar:

1. A/O solicitante.

2. Os proxenitores (nai/pai, titor/a)

3. Os irmáns solteiros e menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro de 2022 ou de maior idade, cando se trate de persoas con discapacidade.

4. Os ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores co certificado municipal correspondente.

5. En caso de divorcio ou separación legal dos pais non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co solicitante, salvo no caso de custodia compartida. Terá tamén a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, así as súas rendas incluíranse no cómputo da renda familiar.

Os membros da unidade familiar que presentaran declaración do imposto sobre a renda de 2022, a efectos de cálculo da renda per cápita familiar sumaranse a base imponible xeral e base imponible de aforro e o resultado dividirase entre os membros da unidade familiar.

No caso de non presentar declaración, teranse en conta os ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar.

SEXTA.- Solicitudes e prazo de presentación.

As solicitudes para participar na convocatoria presentaranse nun prazo 15 días a contar desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP, a través do modelo Anexo I coa documentación complementaria esixida na base sexta, no Rexistro Xeral Municipal en horario de luns a venres de 9:00 a 14:00 h ou ben a través da sede electrónica do Concello de Silleda.

SÉTIMA.- Documentación a entregar.

Os/As solicitantes deben presentar a súa instancia segundo modelo normalizado (anexo 1), á cal deberán achegar cos seguintes documentos:

1º.- Fotocopia do DNI do solicitante.

2º.- Fotocopia da matrícula do curso escolar en curso ou na súa falta certificado acreditativo expedido pola secretaría do centro.

Tratándose de alumnos/as que van matricularse trala convocatoria de setembro, bastará con que acompañen declaración xurada da súa intención de matricularse, debidamente subscrita polo alumno/a ou o seu/súa representante legal, sendo necesario que antes do día 15 de decembro presenten fotocopia do resguardo da matrícula. En caso de non remitir o documento antes da referida data considerarase que o/a interesado/a desiste da súa solicitude.

3º.- Copia da renda familiar correspondente ao exercicio 2022.

4º.- No caso de non ter presentada a declaración da renda 2022, xustificante dos ingresos netos

(nóminas, certificado de empresa, certificado de pensións,...) dos membros computables da unidade familiar.

5º.- Certificación bancaria da conta corrente, na que apareza como titular a/o solicitante da axuda ou, no seu caso, do/a titor/a legal do/a mesmo/a.

6º.- Volante de convivencia, da/o solicitante.

7º.- Anexo II

OCTAVA.- Procedemento e instrución para a concesión das axudas.

1.- O procedemento para a concesión das axudas ao transporte universitario para o curso escolar 2022-2023, rexeráse polo disposto nas presentes bases e no que non estea previsto nestas estarase ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo RD 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da referida Lei, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia así como pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais normativa vixente de xeral aplicación. A concesión da subvención regulada nesta convocatoria, realizarase de acordo co establecido nos artigos 22.1 e 23 a 27 da LXS.

2.- A concesión da subvención efectuarase en réxime de concorrencia competitiva, establecéndose como criterio de valoración a renda.

3.- A instrución do procedemento dependerá da Concellería de Educación, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

Nomearase unha Comisión de Valoración formada por un Presidente, un Secretario con voz pero sen voto e dous vocais. Esta Comisión de Valoración emitirá informe sobre as mesmas. En base a dito informe o Servizo instrutor formulará a proposta que, previo informe de Intervención, se someterán á aprobación pola Xunta de Goberno.

4.—A proposta será remitida á Intervención para súa fiscalización, que se realizará de Acordo co establecido nos apartados 18.1.A e 18.1.B da Resolución de 2 de xuño de 2008, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 30 de maio de 2008, polo que se da aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Lei Xeral Orzamentaria, respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos.

O control sobre o cumprimento de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa seguridade social se realizará sobre a declaración responsable.

NOVENA.- Resolución e notificación.

O acordo de resolución corresponderá á Xunta de Goberno Local. Non se terán en conta outros

feitos e alegacións que os presentados polos interesados, polo que dito acordo será definitivo.

O prazo máximo para resolver será antes do 31 de decembro do presente ano, aprobado pola Xunta de Goberno Local.

O acordo de resolución será publicado no taboleiro do Concello e na páxina web.

Transcorrido o prazo sen que recaia resolución, entenderase desestimada a solicitude de concesión de axuda, nos termos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

DÉCIMA.- Obrigas dos beneficiarios.

1.- Destinar a subvencións aos fins para os que foi concedida

2.- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións.

3.- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.

4.- Cumprir as restantes obrigacións que detalla o artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

UNDÉCIMA.-Xustificación.

Esta subvención se considera subvención concedida en atención a determinadas circunstancias no perceptor de acordo co artigo 30.7 da Lei Xeral de Subvencións, non sendo precisas xustificacións adicionais as que constan na base sexta, sen prexuízo dos controles que no seu caso se realicen.

DUODÉCIMA.- Pago e garantías.

O pago destas subvencións realizarase nun pago único pola totalidade do importe concedido, mediante transferencia bancaria, a partir da data da resolución de concesión, sen que sexa necesaria a constitución de garantías.

DÉCIMO TERCEIRA.- Reintegro.

O reintegro do importe percibido, cando cumpra, rexerese polo disposto no título II da LGS e polo título III do RLGS.

DÉCIMO CUARTA.- Tratamento de datos de carácter persoal.

Información relativa ao tratamento e Protección de Datos desta entidade: En cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos (LOPDGDD) e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPDP), relativo a protección das persoas físicas no tratamento de datos persoais e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXPDP, informámoslle que os datos recadados, e que Vde. nos facilite e achegue a esta solicitude, serán incorporados a un Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Servizos do Concello de Silleda.

Lexitimación para o tratamento dos datos: As bases legais para o tratamento dos seus datos serán as contempladas no art. 6 da LOPDGDD, e estarán fundamentadas no consentimento que vostede concede ou no do seu representado ca cumprimentación da solicitude como solicitante da subvención ou axuda na que está interesado, podendo tamén selo o cumprimento dunha obrigaón legal aplicable a este responsable ou a de protexer os intereses vitais do interesado ou de outra persoa física.

Cesión de datos: A solicitude, así como os documentos achegados, poderán ser cedidos ou consultados ante aquelas Administracións Pública ou ante outros Organismos competentes en materia de subvencións e axudas solicitadas, e polo que, Vostede AUTORIZA e está sendo informado, aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, á comprobación telemática por parte deste responsable con outras Administracións Públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas o cumprimento dos requisitos requiridos.

Pode consultar políticas de privacidade ou exercicio dos dereitos en <https://silleda.sedelectronica.gal/privacy.1>, en canto a obter confirmación de si estamos tratando os seus datos persoais, o dereito de acceso, a rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, a opoñerse o seu tratamento e solicitar a limitación deste, así como no caso de considerar que os seus dereitos non son atendidos pode presentar reclamacións ante a Autoridade de Control <https://www.aepd.es/>, para tramitar os seus dereitos poderá exercelos presentando escrito no Rexistro Xeral deste Concello en Rúa do Trasdeza, 55 Silleda (36540) Pontevedra ou por vía mail a: info@silleda.gal ditas solicitudes deberán dirixirse a Delegada de Protección Datos, facendo referencia ao dereito que pretende exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique e/ou do seu representado.

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDAS PARA TRANSPORTE UNIVERSITARIO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA CURSO 2023-2024

DATOS DO/A SOLICITANTE

Nome e apelidos _____ DNI _____

Enderezo _____

NºTeléfono/correo-e _____ / _____

Curso _____

Centro _____

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- Renda da unidade familiar 2022
- No caso de non presentar a declaración da renda 2022, xustificante dos ingresos netos das persoas que forman a unidade familiar (nóminas, certificado de empresa, certificado de pensións...)
- Certificación bancaria da conta corrente, na que será titular a/o beneficiaria/o da axuda ou, no seu caso, do titor legal do mesmo.
- Copia matrícula do curso escolar 2023/24 ou na súa falta certificado acreditativo da matrícula
- Copia do DNI do solicitante
- Volante de convivencia

Silleda a de De 2023

Sinatura:

ANEXO II DECLARACIÓN XURADA

Nome e apelidos _____ DNI _____ e

domicilio en _____

DECLARA

O/a abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade:

- Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
- Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma, estando ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.
- Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigacións das persoas

beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

- Que os membros da miña unidade familiar (de acordo cos membros computables tidos en conta para estas axudas):

Nome e apelidos Parentesco Idade

Nome e apelidos	Parentesco	Idade

Silleda, a ____ de _____ de 2023

Sinatura

Expediente 8/2023. Subvencións por Concorrenza Competitiva. SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS A ASOCIACIÓNS VECIÑAIS E/OU ENTIDADES DE PARTICIPACIÓN SOCIAL DO MUNICIPIO DE SILLEDA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a acta da Comisión de Valoración das subvencións municipais a asociacións veciñais e/ou entidades de participación social do municipio de Silleda, da sesión celebrada en data 5 de xuño de 2023 , formada por Mónica González Conde, Concelleira de Cultura, Turismo e Deportes en funcións; Rosa García Fernández , funcionaria adscrita ao departamento de Cultura e David García Lareo, funcionario do Concello de Silleda

Vista a proposta de valoración e cantidades asignadas a cada un dos colectivos solicitantes segundo os criterios recollidos nas bases reguladoras da convocatoria, publicadas en data 16 de febreiro de 2023 (convocatoria do 5 de abril de 2023, BOP de Pontevedra número 67), e que segue de seguinte xeito:

Nome asociación	Puntuación	Cantidade proposta
AAVV Negreiros	7	483 euros
A Costa de Abades	9	621 euros
Copa do Castro	11	758 euros

AAVV San Miguel de Lamela	13	997 euros
AVECUCO Cortegada	15	1.011 euros
Vilar de Trasdeza	15	1.011 euros
AVEMA Manduas	11	758 euros
AAVV Santiago Apóstol de Taboada	12	824 euros
Axóuxere de Fiestras	14	966 euros
Asoc. Veciñal Ansemil-Martixe	10	671 euros

TOTAL: 8.100 EUROS

Visto o informe de Intervención número 55/2023 sobre a valoración proposta da comisión

A Xunta de Goberno Local, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar a concesión provisional das subvencións segundo as cantidades anteriormente indicadas aos colectivos e asociacións solicitantes, con cargo á partida orzamentaria 334.48 do orzamento municipal.

SEGUNDO: Comunicar aos colectivos e entidades beneficiarios a cantidade proposta concedendo un prazo de 10 días a partir de dita comunicación para formular, se fora o caso, reclamacións á cantidade proposta; así como informar que dispoñen ata o 30 de novembro para xustificar as axudas outorgadas.

TERCEIRO. Publicar o acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Silleda.

Expediente 7/2023. Subvencións por Concorrenza Competitiva. SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS A ENTIDADES DEPORTIVAS DO MUNICIPIO DE SILLEDADA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a acta da Comisión de Valoración das subvencións municipais a entidades deportivas do municipio de Silleda, da sesión celebrada en data 12 de xuño de 2023, formada por Mónica González Conde, Concelleira de Cultura, Turismo e Deportes en funcións; José Manuel Espiño Fernández, funcionario adscrito ao departamento de Deporte e David García Lareo, funcionario do Concello de Silleda.

Vista a proposta de valoración e cantidades asignadas a cada un dos clubs solicitantes segundo os criterios recollidos nas bases reguladoras da convocatoria, publicadas en data 16 de febreiro de 2023 (convocatoria do 5 de abril de 2023, BOP de Pontevedra número 67), e que se transcribe a continuación:

Nome asociación	Puntuación	Cantidade proposta
Escola de Fútbol de Silleda	95	5.980

Amigos Fútbol CAF	4	240
SD Silleda	58	3.480
SD Bandeira	99	6.040
SPD Deza Pádel	31	1.940
Sociedade Caza, Pesca e Tiro	39	2.940
Club Deportivo Ulla-Deza	17	900
Club Pesca Deportiva Río Deza	17	900
Club Petanca Bandeira	37	2.520
BTT Trasdeza	32	2.060
RG Bikes Scott Team	15	800
CF Lamela	58	3.480
CF Laro	58	3.480
Motos Veteranas do Deza	4	240
TOTAL		35.000

Visto o informe de Intervención número 54/2023 sobre a valoración proposta da comisión

A Xunta de Goberno Local, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar a concesión provisional das subvencións segundo as cantidades anteriormente indicadas ás entidades solicitantes, con cargo á partida orzamentaria 341.48 do orzamento municipal.

SEGUNDO: Comunicar ás entidades beneficiarias a cantidade proposta concedendo un prazo de 10 días a partir de dita comunicación para formular, se fora o caso, reclamacións á cantidade proposta; así como informar que dispoñen ata o 30 de novembro para xustificar as axudas outorgadas.

TERCEIRO. Publicar o acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Silleda.

Expediente 6/2023. Subvencións por Concorrenza Competitiva. SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS A ASOCIACIÓNS CULTURAIS DO MUNICIPIO DE SILLEDADA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a acta da Comisión de Valoración das subvencións municipais a asociacións culturais do municipio de Silleda, da sesión celebrada en data 5 de xuño de 2023, formada por Mónica González Conde, Concelleira de Cultura, Turismo e Deportes en funcións; Rosa García Fernández, funcionaria adscrita ao departamento de Cultura e David García Lareo, funcionario do Concello de Silleda.

Vista a proposta de valoración e cantidades asignadas a cada un dos colectivos solicitantes segundo os criterios recollidos nas bases reguladoras da convocatoria, publicadas en data 16 de

febreiro de 2023 (convocatoria do 5 de abril de 2023, BOP de Pontevedra número 67), e que se trasncrbe a continuación:

Nome asociación	Puntuación	Cantidade proposta
Coral Polif. Trasdeza*	28	3.367 euros
Coto do Castelo	19	1.180 euros
Xirandola*	32	3.848 euros
Asoc. Feiral Semana Verde	13	900 euros
Asoc. Sociocultural Cortegada	11	704 euros
Asoc. Mulleres Fervenza do Castelo	10	640 euros
Cruceiro de Breixa	15	1.010 euros
Asoc. Mulleres Municipio de Silleda	10	640 euros
Son da Fervenza	16	1.024 euros
Coro Vales Mahía*	19	2.755 euros
Amigos da Banda de Música de Silleda	20	1.216 euros
Asoc. Vista Alegre	55	3.712 euros
ANPA Musiquiños	21	1.364 euros
Gaiteiros A Pereiriña	10	640 euros
Total		23.000 euros

*Entidades culturais con necesidade de contar cun director ás que se lle engade a cantidade mensual correspondente

Así mesmo, a comisión de valoración acordou:

Excluír dúas das solicitudes presentadas por non cumprir algún dos requisitos das bases reguladoras publicadas no BOP de Pontevedra número 33 do 16 de febreiro de 2023 e a convocatoria das mesmas, publicada no BOP de Pontevedra número 67 do 5 de abril de 2023.

As solicitudes excluídas son as seguintes:

Nome da asociación	Motivo da exclusión
Asociación Unidade de Pais Azuis do Deza	1. Non estar inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións
SIC Iniciativas Culturais	1. Non estar inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións 2. Non presentar a solicitude como esixen as bases e a convocatoria de forma telemática a través da Sede electrónica

Visto o informe de Intervención número 53/2023 sobre a valoración proposta da comisión

Propoño á Xunta de Goberno Local a adaptación dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión provisional das subvencións segundo as cantidades anteriormente indicadas aos colectivos e asociacións solicitantes, con cargo á partida orzamentaria 334.48 do orzamento municipal.

SEGUNDO: Comunicar aos colectivos e entidades beneficiarios a cantidade proposta concedendo un prazo de 10 días a partir de dita comunicación para formular, se fora o caso, reclamacións á cantidade proposta; así como informar que dispoñen ata o 30 de novembro para xustificar as axudas outorgadas.

TERCEIRO: Comunicar aos dous colectivos que quedaron excluídos por non axustarse ás bases e requisitos da convocatoria os motivos da exclusión recollidos na acta de valoración.

CUARTO. Publicar o acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Silleda.

Expediente 251/2023. Subvencións por Concorrenza Competitiva. BASES REGULADORAS DAS AXUDAS COMPLEMENTARIAS DIRIXIDAS ÁS FAMILIAS, QUE PRECISAN DUNHA PROTECCIÓN ESPECIAL ASÍ COMO AS QUE TEÑAN A TODOS OS SEUS MEMBROS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO, PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2023-2024

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 02/02/2023

Vista a Providencia de inicio do procedemento con data 08/02/2023

Vistas as bases polas que se regulan as axudas complementarias dirixidas a familias , que precisan dunha protección especial así como as que teñan a todos os seus membros en situación de desemprego, para libros de texto e material escolar curso 2023-2024.

Visto o informe emitido pola Secretaría municipal con data 21/03/2023 en relación coa lexislación de aplicación e procedemento a seguir aos efectos de proceder á convocatoria e concesión das subvencións de referencia.

Vista a aprobación do Pleno, con data 30/03/2023

Vista a publicación do anuncio no BOP número 70, con data 12 de abril de 2023

Visto que o anuncio estivo exposto polo prazo previsto, non presentándose alegación algunha.

De acordo co establecido no artigo 20 da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia;

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de xuño de 2023, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións por procedimemento de concurrencia competitiva en materia de educación, co texto que figura no Anexo da presente proposta de acordo.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto por importe de 2.500 euros do orzamento municipal a cargo da aplicación orzamentaria 326-48 (ampliable a 20.000 euros no caso de que non se esgote a partida).

TERCEIRO.- Rexistrar a información a incluír an BDNS polos medios electrónicos que esta proporcione, acompañada do texto da convocatoria, do seu extracto e dos seus datos estruturados.

ANEXO

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS COMPLEMENTARIAS DIRIXIDAS ÁS FAMILIAS, QUE PRECISAN DUNHA PROTECCIÓN ESPECIAL ASÍ COMO AS QUE TEÑÁN A TODOS OS SEUS MEMBROS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO, PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2023-2024

1.- OBXECTO, NATUREZA E RÉXIME DAS AXUDAS.

Constitúe o obxecto das presentes bases, regular as axudas do Concello de Silleda destinadas a completar o 100% do gasto de adquisición de libros de texto e material escolar de educación primaria e educación secundaria obrigatoria en centros públicos, no curso escolar 2023-2024, para as familias que precisan dunha protección especial así como as que teñan a todos os seus membros en desemprego.

Estas axudas teñen a natureza de subvención de acordo co recollido no artigo 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións Dado o obxecto e finalidade destas axudas o procedemento de concesión tramitarase en réxime de concurrencia competitiva.

A presente convocatoria rexerase, con carácter xeral, polo disposto nas bases reguladoras, Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia(en adiante LSG) e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (en diante RLSG) e nas Bases de execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2022 e, supletoriamente, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

A xestión destas subvencións suxeitarase aos principio de publicidade, concurrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como a eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

2.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Libros de texto e material escolar, fixado polo centro educativo, para o alumnado de centros

educativos matriculados en educación primaria e educación secundaria obrigatoria.

3.- DESTINATARIOS

Unidades familiares con todos os seus membros en situación de desemprego e familias que precisen de protección especial, segundo a Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia en Galicia, escolarizados en centros de ensino do termo municipal de Silleda, que vaian cursar estudos de ensinanza primaria ou secundaria obrigatoria, no curso 2023-2024.

4.- BENEFICIARIOS/AS DAS AXUDAS

Serán beneficiarios/as aquelas persoas que cumpran algúns dos requisitos seguintes:

a) Familias que precisen de protección especial, segundo a Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia en Galicia (numerosas, monoparentais, con persoas maiores a cargo, con persoas con discapacidade a cargo, familias acolledoras, familias en situación de especial vulnerabilidade económica e familias vítimas de violencia de xénero).

b) Familias con todos os seus membros en situación de desemprego no momento de realizar a solicitude.

Para ser beneficiario/a destas axudas a renda per cápita familiar debe ser igual ou inferior a 300 €.

Cumprir os seguintes requisitos:

1. Ser pai, nai, titor/a legal ou familia acolledora do alumno/a matriculado/a en educación primaria, ou en educación secundaria obrigatoria.
2. Estar empadroadado/a e residir de xeito efectivo no Concello de Silleda e convivir cos menores para os/as que solicita a axuda.
3. Que o/a alumno/a para quen se solicita a axuda teña a matrícula nalgún centro escolar público do Concello de Silleda, durante o curso escolar 2023-2024.

Ter concedida a axuda de acordo coa Orde correspondente pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2023/2024.

4. Ter presentada declaración da renda do exercicio 2022, no caso de non estar obrigado a presentación, certificado expedido pola axencia tributaria de que non consta presentada a declaración do IRPF para o ano 2022.

5.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes dirixiranse ó Alcalde do Concello e presentaranse no Rexistro Xeral Municipal en horario de 9:00 a 14:00 ou no rexistro electrónico do Concello de Silleda, de conformidade co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en impreso normalizado de solicitude (ANEXO I) que estará dispoñible na sede electrónica <https://silleda.sedelectronica.gal> e na páxina web do concello www.silleda.gal. Serán rexeitadas as solicitudes que non se presenten en ditos modelos.

O procedemento entenderase iniciado de oficio no momento no que polo órgano competente, que neste caso, e de acordo co artigo 21.1, é o Alcalde do Concello, e por delegación a Xunta de Goberno Local, se aprobe a convocatoria da presente subvención.
